

Asasinato no cuarto

As miñas primeiras vacacións en moitos meses e chamábanme do traballo para investigar un homicidio. Adeus aos meus plans de retiro familiar. Menos mal que Lucía comprendía perfectamente que o día que casou comigo, tamén o fixo co meu traballo. Sempre me apoiaba en todo, aínda que iso supuxese cancelar unha cea especial, pospor unha viaxe programada desde facía tempo ou simplemente deixar arrefriar a comida para que ese día preparara. Cando quedou preñada decidín que estaría presente no momento do parto, pero tampouco iso foi posible, os malos sempre se puñan dacordo para fastidiarme os momentos importantes. En canto colguei, expliqueille a Lucía o que ocorrera e unha vez máis foi quen de aceptar a situación sen unha mala cara, sen ningún reproche.

- Vai, apresúrate a resolver este caso e aínda quedará tempo para facermos unha escapada. Deitarei a Valentina, prepararei algo frío para cear e agardareite, non importa o que tardes, mentres vou desfacer as maletas, logo chamo ao hotel para cancelar a reserva.

Insistinlle para que se marchase ela coa pequena, asegurándolle que en canto puidese uniríame a elas, pero xa coñecía a súa resposta.

- Non penso deixarte aquí. Vaite vir ben ternos perto cando chegues a casa. Ademais, Valentina e mais eu botariámoste moito en falta.

Tiña razón en todo. A súa presenza axudábame a desconectar cando chegaba a casa, xusto o que necesitaba para volver logo á investigación coas ideas máis frescas. Tras despedirme dela cun lento bico nos beizos e de Valentina cunha forte aperta, marchei á dirección indicada polo meu xefe.

A zona do inmobile xa estaba acordada. Decenas de curiosos apiñábanse nas inmediacións co morbo desatado, desexando coñecer detalles. O edificio era antigo, de catro alturas. Unha vivenda por cada planta. Sen ascensor. O homicidio producírase no cuarto. Subín as escaleiras observando as reaccións dos veciños, todas as portas estaban abertas e os seus rostros observábanme medorentos, aparentemente moi impresionados. Cando cheguei ao cuarto un policía uniformado interrompeume o paso.

- Departamento de homicidios – anunciei ensinando a miña placa e entrei ao piso para estudar de primeira man a escena do crime. O salón era un fervedoiro de actividade, a científica xa marcara un perímetro ao redor do corpo da muller asasinada e neses momentos estaba a buscar pegadas. Saludei ao Xuíz de Paz que se achaba nunha esquina cubrindo as dilixencias e dirixinme ao médico forense que, encrequenado, examinaba á vítima:

- Boas noites, qué temos, Doutor Ruibal?.

- Boas noites. Temos moitas ganas de marchar a casa. Ademais, temos a esta señorita que tivo a mala fortuna de perder a vida unha noite de verán tan bonita como a de hoxe. Chámabase Carolina. Era enfermeira no Hospital Provincial. Non hai dúbida de que foi asasinada dun forte golpe na cabeza, a arma do crime é esa botella baleira, un bo viño, si señor, que non se diga que non a mataron con bo gusto. Non houbo saña, un só golpe bastou. Non hai feridas defensivas, nin rastro de pel baixo as uñas, probablemente foi sorprendida por detrás, seguro que nin sequera puido ver a quen a atacou. Non tivo tempo de sufrir. Morreu no acto. Nestes momentos diría que leva entre dúas e catro horas morta, poderei acoutalo máis cando examine ben o corpo. Unha pena, é unha muller nova e moi bonita ademais. Non creo nin que chegase ao trinta anos. Por certo, atopouna Silvia, a súa compañeira de piso, foi quen avisou á policía, antes comprobou se a vítima estaba viva, así que contaminou a escena, está na habitación do fondo, chorando sen parar, acompañaa un dos vosos.

Silvia...

Tiña moita experiencia en falar con familiares e amigos de vítimas recentemente descubertas. Sabía como enfrontarme a interrogatorios de maneira que as miñas condolencias sinceras e a miña preocupación disfrazasen as miñas ansias de coñecer todos os detalles. Obtivera

o primeiro posto da promoción grazas á miña gran agudeza visual, calquera detalle fóra de lugar, por pequeno que fose, renxíame e enseguida atopaba un fío por onde tirar. Desde a porta e antes de achegarme á chorosa Silvia, observeina con fixeza. A súa angustia parecía real, o seu rostro contraído nunha carantoña de dor, as súas mans trementes, o seu corpo derrotado... Atopábase sentada nunha esquina da cama, estaba descalza, levaba posto un bonito vestido azul, uns zapatos de tacón de cor tostada estaban tirados de calquera xeito no chan ao seu lado, vin un bolso azul aberto sobre a cama, un móbil descansaba sobre unha das mesiñas de noite, á beira dunha novela que pola súa portada, parecía desas de amor e luxo. Volvín examinar a Silvia, era unha muller moi guapa, aparentaba uns corenta anos, fixeime nas súas pernas e nos seus brazos, notábase que estaba en forma. Observei os mobles, as paredes, o bonito espello de corpo enteiro, os obxectos que decoraban o dormitorio... Todo estaba moi ordenado e limpo. Esperei aínda uns minutos máis antes de achegarme a Silvia. Logo, presenteime e sentei ao seu lado, ofrecínlle as miñas condolencias e procedín a interrogala, con suavidade, sen apartar a vista dela, estudando as súas reaccións. Ata que resolvésemos o caso calquera era sospeitoso.

Coa voz entrecortada polo pranto, Silvia explicoume o que vira. Saíra da oficina ás seis. Traballaba nunha empresa importante, na sección de vendas. Tras facer a compra pasara por casa para deixar as bolsas, deuse unha ducha rápida e marchou ao cine á sesión das sete e media. Non, non fora acompañada. Si, era un costume o de ir soa ao cine. Chegou a casa pasadas o nove e media. A porta estaba pechada e a chave non estaba pasada, polo que supuxo que Silvia estaría na casa, ese día tivera quenda dobre no hospital e quedaran en cear xuntas. Cando entrou chamouna: «Caro!, Carolina!». Non obtivo resposta. Si, a luz da entrada estaba acendida. Non, non percibiu nada raro nin fóra de lugar, polo menos ata que entrou no salón e a viu alí, tirada no chan. Gritou e correu cara a ela, enseguida viu o sangue e a fenda na cabeza, tocoulle o pescozo pero non lle pareceu que tivese pulso. Entón foi cando chamou ao cento doce e alertou ás veciñas cos seus berros. Si, todas eran mulleres nese edificio, incluída Carmela, a porteira. Todas vivían de aluguer, salvo Dona Xoana e Dona Emilia, as do primeiro, que eran as propietarias de todos os pisos. Non, Carolina non tiña noivo, iso seguro, diríallo. Si, eran moi boas amigas, si, das que se contaban as súas confidencias.

Tras darlle unha vez máis as miñas condolencias, dirixinme ao outro dormitorio, o da vítima. Pechei a porta por dentro e observei. O cuarto era moi parecido ao anterior, a mesma cama de matrimonio, as mesmas mesiñas de noite, as mesmas lámpadas,... Abrín o armario, era idéntico ao da habitación de Silvia, estaba cheo de roupa, entre ela, un par de uniformes de enfermeira. Abrín os caixóns das mesiñas de noite. Nada que me chamase a atención. Mirei de novo ao meu ao redor. Engurrei o ceño. Algo non me cadraba. Apaguei a luz e saín ao corredor. Era tarde, pero aínda podería entrevistar a algunha veciña máis. Optei por ir falar coas donas do edificio.

Dona Xoana e Dona Emilia...

As dúas donas, Xoana e Emilia, eran irmás, ambas roldarían o setenta anos. Herdaran o edificio por parte dos seus avós maternos e aínda que economicamente non o necesitaban, desde un principio decidiron quedar no primeiro e alquilar o resto dos pisos. Estaban seguras de que nalgún momento algunha promotora botaríalle o ollo ao inmovible e ofreceríanlles moito diñeiro por el para tiralo e construír un edificio con máis plantas, pero mentres, non pensaban quedar soas alí, podería ser perigoso, ademais, non era bo manter os pisos pechados. Ambas estiveron de acordo na condición primordial para o aluguer: as inquilinas deberían ser todas mulleres. Por suposto poderían recibir visitas masculinas, pero ningún quedaría a vivir con elas, se non, se rescindiría o contrato. Non, xamais houbo ningún problema por iso. Si, algunhas das mulleres que alugaran antes marcharon por ese motivo, pero nunca de malos modos, coñecían as condicións desde o primeiro momento. Non, non sabían a que hora chegara Carolina ao piso esa noite, tampouco escoitaran pasos polas escaleiras. Sempre que estaban en casa e ata que marchaban para cama tiñan posta a televisión e como Xoana non estaba moi ben do oído, o volume adoitaba estar bastante alto. Si, era unha pena moi grande, pobre muller, era moi boa moza e pagaba o aluguer

puntualmente. A súa compañeira de piso debía estar esnaquizada, estaban moi unidas. Non, nunca tiveran visto que ningunha das dúas levara a ningún home a casa. Si, xa levaban varios anos alí, uns catro ou cinco. Chegaran xuntas. As donas pensaban que a norte fora por un accidente. Ninguén lles falara aínda da botella de viño e eu decidín deixalo así. Polo menos que durmisen tranquilas unha noite máis.

Carmela...

Era a unha da madrugada. Decidín proseguir coas entrevistas. Os meus compañeiros coidáronse desde a súa chegada de que as veciñas non falasen entre elas para non condicionar as súas respostas e dado que era difícil que puidesen conciliar o sono, o mellor era acabar canto antes co interrogatorio inicial. Carmela vivía no segundo. Ademais de porteira do edificio, era a sobriña de Dona Xoana e Dona Emilia, así que chegaran a un acordo moi beneficioso para todas, a cambio dunha cantidade de diñeiro irrisoria e de levar a cabo os labores da portería, Carmela podía vivir soa nun piso e de paso vixiaba que as súas tías estivesen ben. Un par de veces á semana encargábase da limpeza do portal e das escaleiras, recollía paquetes e pedidos das veciñas e prohibía o paso aos buzoneadores e demais particulares ou contratados que se empeñaban en deixar cousas nas caixas de correos. Como tiña tempo aproveitaba para estudar na portaría, acabara a carreira de Económicas e estaba a facer varios cursos a distancia e perfeccionando o seu inglés. Non, non ía a quedar alí estancada para sempre. Si, cando lle xurdise algunha oportunidade laboral marcharía de alí, pero mentres, estaba a gusto. Carmela non escoitara nada raro esa tarde. Cando chegou Silvia do cine ela estaba na portaría. Salvo os venres pola tarde e os fins de semana, que os tiña libres, sempre quedaba no portal até as nove e media. Estaba a piques de subir ao seu piso cando ouviu os berros. Cando chamou ao cento doce díxéronlle que xa ía unha patrulla de camiño, así que morta de medo fíxolles caso e esperou no portal para abrílles en canto chegasen. Eso fixo. Non, non subiu ao cuarto piso en ningún momento esa tarde. Non, tampouco viu a ninguén estraño entrar no edificio ese día. Si, ausentouse, pero non moito, o xusto para ir á farmacia a comprar unhas pastillas para as súas tías, seguro que estivera fora menos de media hora, leváralle os medicamentos ás tías e volvera á portaría. Non, non se lle ocorreu mirar se estaban todas as chaves. Cando foi con Carmela ao cuarto da limpeza puideron comprobar que o pequeno moble de parede fora forzado, ao abrilo viron que faltaban dúas chaves: a copia do portal e a do cuarto piso.

Paula...

Tras pedirlle a Carmela que me chamase se lembraba algo máis, subín ao terceiro. Díxenlle ao policía que neses momentos acompañaba a Paula, que podía retirarse e dispúxenme a interrogala. Fisicamente, a vida tratara ben a esa muller, díxome que tiña cincuenta e dous anos, pero aparentaba uns cantos menos, apenas tiña engurras e o seu pelo, que non parecía tinguido, non presentaba canas. Era unha muller regordeta, de rostro afable, aínda que naqueles momentos una inmensa preocupación deixábase traslucir nos seus ollos moi abertos e nos seus xestos nerviosos.

- Pareceume escoitar que o de Carolina non foi un accidente!, seica a asasinaron?.- As súas palabras saíron atropeladas antes de que puidese preguntarlle por esa tarde. Procurei acougala e sentándome ao seu lado na cocina cun par de infusións fumarentas, empecei a interrogala. Paula era mestra nunha escola da cidade, neses momentos estaba a gozar das vacacións de verán. Era solteira, non tiña fillos e até a segunda quincena do mes de agosto que tiña planeado facer unha viaxe a Francia cuns familiares. Adicaba o seu tempo libre a pasear, ir á praia, ler e quedar de cando en vez coas súas amigas para tomar algo. Aquela tarde a pasara soa de rebaixas. Volvera a casa sobre o oito e media e os seus plans eran cear e facer tempo ata que empezase unha serie de policías á que estaba enganchada. Non, non escoitara nada sospeitoso no piso de arriba. Tampouco pasos subindo as escaleiras. Non, non acendera aínda a televisión, así que se fixesen algún ruído

estraño seguro que o tivera escoitado. Si, foron os berros de Silvia os que a alertaron. Claro que subiu ao cuarto. Descalza e en camisón botou a correr polas escaleiras e atopouse cunha escena dantesca, a Silvia inclinada sobre Carolina e a esta tirada no chan sobre unha enorme mancha de sangue. Si, Silvia estaba vestida, cun vestido azul e uns tacóns. Si, neses momentos chegou a policía e pedíronlle que baixase ao seu piso e non falase con ninguén ata que chegase alguén para interrogala. Non, non falara con ninguén. Tras darlle a Paula a miña tarxeta, díxenlle que procurase descansar e asegúreille que unha patrulla vixiaría o edificio toda a noite, despois despedínme de Paula.

Antes de marchar, subín de novo ao cuarto. Unha das policías do meu equipo díxome que por fin Silvia quedara durmida. Esa noite ela quedaría de garda no piso. Silvia non quixera ir a casa de ningún familiar nin de ningunha amiga, tomou un par de pastillas para durmir e parecía que lle fixeran efecto. O corpo de Carolina xa estaba no Hospital Provincial, onde lle practicarían a autopsia. Tras facer as fotos pertinentes e despois dun exhaustivo exame do escenario, a mancha de sangue fora eliminada, un dos peritos ensinome a bolsa de plástico co contido do bolso da vítima que acharan espallado polo chan, unha carteira, un paquete de panos de papel, unhas chaves, un bolígrafo co logo do Hospital Provincial, un lapis de memoria, un móbil coa pantalla rota, a tapa traseira do móbil, a tarxeta e a batería, unha barra de beizos e unha caixa metálica de cor amarela que tiña toda a pinta de ser un pastilleiro. Asinei os papeis da cadea de probas e devolvínlle a bolsa ao perito, dicíndolle que se encargase de pedir que examinasen todos os obxectos en busca de pegadas ou algún indicio e que analizasen o contido daquel pastilleiro. Antes de marchar, volví á habitación de Carolina. Xa sabía que os meus compañeiros rexistraran a habitación palmo a palmo, pero necesitaba botar unha última ollada. Levantei as alfombras, tamén a colcha e mirei debaixo do colchón. Entrei no cuarto de baño da habitación e botei unha ollada ao interior do pequeno armario de parede. Logo fun á cociña, inspeccionei as alacenas e os mobles e entrei no pequeno cuarto da lavadora que facía de tendedeiro.

Cando saín do edificio eran case o catro da mañá. A esas horas non había apenas coches pola cidade, así que cheguei a casa enseguida. Atopeime a Lucía profundamente durmida no sofá. Enchíume de tenrura a placidez do seu rostro. Con suavidade, deille un bico na fazula, arroupeina cunha manta e fun á cociña a cear algo. Deume moita pena ter que espertala para que puidese ir ao dormitorio a descansar, medio durmida preguntoume polo sucedido pero díxenlle que era demasiado tarde e que xa lle contaría ao día seguinte. Tras comprobar que Valentina durmía como un anxo no seu cuarto, deiteime á beira de Lucía, co seu corpo moi pegado ao meu e escoitando o leve son da súa compasada respiración deseguida durmín.

Á mañá seguinte levanteime cedo, preparei un bo almuerzo e espertei a Lucía. Mentres almorzabamos conteille as miñas impresións do caso.

- Ao principio pensei que Carolina e Silvia eran só compañeiras de piso e moi boas amigas. Segundo as demais veciñas ningunha parecía ter parella. Pero cando examinei os dormitorios algo non cadraba. A habitación de Silvia estaba impecable, en cambio a de Carolina parecía máis abandonada, unha fina capa de po cubría as mesiñas de noite, non había ningún espertador sobre elas. Cando levantei a colcha da cama vin que non debaixo non había sabas. Ao inspeccionar o dormitorio de Silvia deime conta de que en cada unha das mesiñas de noite aparecía un libro, co seu correspondente marcapáxinas, tamén había dous espertadores, cada un coa alarma conectada a unha hora distinta. No baño de Silvia había dous cepillos de dentes, no de Carolina ningún. É obvio que ambas eran parella. O curioso é que Silvia omitise esa información.

- Quizais lles resultase difícil dala a coñecer. Xa sabes o complicado que é amosar esa realidade nunha cidade como esta, sobre todo se es de aquí e te coñece moita xente. Terían medo a sentirse xulgadas e decidirían mantelo en segredo. Dixéchesme que Silvia traballaba nunha empresa e tiña un cargo importante, quizais se se soubese que a súa parella era unha muller podería ter problemas no traballo.

Estiven dacordo con Lucía, era posible que lles custase dar ese paso, pero seguía sen entender por que Silvia non mo dixo a min cando lle preguntei si Carolina tiña parella. Volvería a interrogala. Tamén ás demais veciñas.

A media mañá, citeinas a todas en Comisaría. Procurei non alarmalas cando as chamei, non quería queoubesen que todas eran sospeitosas. De feito, de momento e aínda que estabamos abertos a máis posibilidades, eran as únicas sospeitosas. A menos que algunha delas lle deixara unha chave a alguén de fóra, queoubesen conseguido facer unha copia de maneira subrepticia ou que Carmela mentise, ninguén máis podería entrar no edificio. A fechadura do portal non estaba forzada. Quenquera que golpeará a Carolina entrara coa súa propia chave ao inmoible, aínda que logo disimuláse roubando as dúas chaves do cuarto de limpeza.

Antes de volver interrogalas, achegueime de novo ao lugar do crime. Solicitara unha orde de rexistro de todos os pisos e os meus compañeiros estaban a acabar de executala. Atoparan varias pistas que poderían adquirir especial relevancia no caso e que me indicaron novas vías de investigación. Luego fun ao Hospital Provincial a falar cos compañeiros de Carolina para ver se podían ofrecerme algún tipo de información útil acerca dela, pero non me dixeron nada importante para a investigación. A continuación, volví a Comisaría. Á primeira que citei foi a Silvia.

Silvia...

A muller que tiña fronte a min non pegara ollo en gran parte da noite, seguro que as pastillas para durmir que tomara non fixeran o efecto desexado. Notábase ás leguas que o estaba pasando realmente mal. A súa angustia non era en absoluto finxida. Abordei o interrogatorio de maneira directa. Quería ver a súa reacción sen que tivese tempo a preparala. Desde un principio a tuteei, quería que a pesar de todo, sentise certa proximidade.

- Por que non me dixeches que erades parella?. Eu non estou para xulgar a ninguén, dáme igual se Carolina se deitaba con homes ou con mulleres, pero é importante que sexas franca comigo.

A súa reacción pareceu sincera. Unha grande sorpresa reflectiuse no seu rostro. Tardou varios segundos en responder. O pranto acudiu aos seus ollos á vez que empezou a falar. Contoume que o de manter a relación en segredo fora cousa súa, que Carolina sempre insistira en levalo con naturalidade pero Silvia sempre atopaba mil escusas para calalo, que se non tiñan necesidade de verse expostas, que se probablemente as caseiras non chegasen a entendela e acabasen botándoas do piso, que se vivían ben así e non había porque darlles explicacións a ninguén... Silvia comentoume que precisamente ese era o único motivo das súas discusións, aínda que ultimamente déronse unha tregua e apenas o mencionaban. «Desde cando esa tregua?», pregunteille. «Desde fai un ou dous meses, Carolina deixou de insistirme, así que pensei que por fin aceptara que todo estaba ben así».

Dona Xoana e Dona Emilia...

As dúas donas mostráronse moi cooperativas. Supoño que as súas vidas eran tan monótonas, que a pesar do susto e do enorme desgusto pola morte de Carolina, o sucedido estaba a regalarlles unha boa dose de emoción. Sobre todo querían saber. Nun momento dado tiveron que lembrarlles que era eu quen facía as preguntas. Durante o rexistro efectuado esa mañá no seu piso, os meus compañeiros atoparon trece botellas precintadas de viño exactamente iguais que a que servira para dar morte a Carolina. Cando lles preguntei ás donas por esas botellas díxéronme que elas nunca bebían, pero as tiñan de reserva para cando se xuntaba a familia unha vez ao ano, sempre na mesma data, por Nadal. Non, non se acordaban de cantas botellas quedaban na despensa, diso sempre se encargaba a súa sobriña Carmela, que coñecía ben a casa e sabía onde estaba cada cousa. Cando lles preguntei se notarán algo que lles chamase a atención na relación que mantiñan Silvia e Carolina, sorprendéronme coa resposta. Tras botarlle unha mirada significativa á súa irmá, dona Emilia contestoume:

- A ver, estaba claro que esas dúas raparigas eran parella. As dúas tan guapas, tan agradables, con traballo propio e compartindo piso e viaxes case sempre soas, sen ningún mozo que as visitase nunca...

- Ademais,- engadiu Xoana cun sorriso triste.- Mirábanse dunha maneira moi bonita. Así non se mira a unha amiga. Queríamos moito a Carolina, tamén a Silvia témoslle gran aprecio, pero Carolina era especial, mostrábase moi cariñosa connosco, era unha moza moi atenta e agradable, sempre estaba contenta e riseira. Moitas veces traíanos un bizcocho feito por ela para o almorzo. Era quen nos puña as vacinas para a gripe cada inverno. Así era ela...

Sorprendeume gratamente que aquelas mulleres reaccionasen así ante a relación das súas veciñas, non era tan fácil atopar a persoas desa idade que o tomasen dunha forma tan natural. Cando lles preguntei se o sabía alguén máis do edificio, dixerónme que a súa sobriña Carmela tamén o coñecía, que saíu a colación nalgunha conversación e que se sorprendera moito ao sabelo. Tamén lles preguntei polas chaves, cantas copias existían de cada chave e se era fácil facer duplicados das mesmas. Dixerónme que cada piso dispuña de tres copias. A cada un correspondíanlle dous e a terceira era a que estaba gardada baixo chave no cuarto de a limpeza. Ademais, era imposible que ningunha fixese unha copia pola súa conta, para iso necesitaría un número de clave e un permiso que elas tiñan gardados nunha caixa forte no banco, xunto coas xoias que xa non se puñan por medo aos tiróns.

Así pois, volvía pechase o círculo. Ou ben esa tarde Carolina chegara a casa acompañada de alguén ou ben fora unha das veciñas quen a atacara. Coa ausencia de cámaras dentro do portal ou nos arredores e o inoportuno abandono da portaría por parte de Carmela, non podíamos garantir que ninguén máis tivese entrado con Carolina no edificio aquela tarde.

Carmela...

Esa mañá, notei a Carmela nerviosa. Que a noite anterior estivese así era normal despois de todo o que sucedera, pero esta vez a súa inquietude ocultaba algo máis. De novo optei por ser directa, así que lle preguntei que opinaba acerca de que Silvia e Carolina fosen parella e de que o mantivesen en segredo. Non lle sorprendeu a miña pregunta. Díxome que ela non se metía nas relacións dos demais, aínda que se o ocultaban quizais fose porque lles daba vergoña. Non se me pasou por alto o ton despectivo que empregou ao falar e cando lle deixei caer o ben que parecían levar as súas tías con Carolina, non foi capaz de disimular un aceno de desagrado. Pareceume que Carmela sentía certa envexa por esa boa relación, quizais botaba en falta a aprobación das súas tías, polas que ela se desvivía. A seguinte pregunta si que a pillou por sorpresa:

- Carmela, colliches recentemente algunha botella de viño da despensa das túas tías?.

Tardou un tempo en contestar. Supoño que pola súa cabeza pasouse a idea de negalo. Pero acabou confesando a verdade. Avergoadada dixo que si, que facía unha semana subtraera unha botella e fora bebendo aos poucos na súa casa. Non era a primeira vez que o facía, en total levouse tres botellas nos últimos meses. Argumentou que as súas tías non se decataban e que pensaba repoñelas. Gustáballe tomar unha copa de viño mentres cocinaba pola noite a comida do día seguinte e como elas non o bebían, pensou que tería tempo de substituílas. Cando lle dixeran que a Carolina a asasinaran cunha botella de viño baleira idéntica a esas, desmoronouse, desesperada aseguroume que ela non tivera nada que ver, que se desfizera da botella tirándoa ao colector do lixo un par de días antes, que xamais lle fixo dano a ninguén... Mentres as súas palabras atropelábanse xustificándose eu observábaa fixamente, tentando pescudar se dicía a verdade.

O certo é que na botella en cuestión non apareceran pegadas, quenquera que a utilizara encargouse de eliminalas coidadosamente.

Paula...

Xa só quedaba o testemuño de Paula para completar a segunda rolda de interrogatorios. Cando falei con ela a primeira vez pareceume unha muller moi afable, por iso sorprendeume o que atopamos no rexistro do seu piso.

- Paula, ti dirías que o voso edificio está situado nunha zona tranquila?.- A miña pregunta a descolocou, non sabía por onde ían os tiros, así que respondeu con certas reservas.

- Supoño que si, as xanelas non dan a unha rúa principal nin moi transitada, tampouco hai bares nin cafetarías preto, así que si, é unha zona tranquila.

- E polas noites?, é silenciosa a zona polas noites?.

- Si, tamén. Pero nou sei a que vén isto...

- Pois vén a que atopamos na mesinha da túa habitación unha boa colección de tapóns para os oídos, pola análise da cera dedúcese que foron utilizados en varias ocasións. Que che molestaba?, eran moi ruidosas as túas veciñas do cuarto?.

Antes de que respondese, puxen sobre a mesa un caderno que Paula recoñeceu no acto. Era un diario. No rexistro atopamos varios cadernos cubertos da súa propia man, nelas desafozábase queixándose da seu monótona vida, non lle gustaba o seu traballo porque en realidade non lle gustaban os nenos, levábase mal coa súa familia e aburríase moito coas súas amigas, con todo, só se queixaba, non parecía que fixese nada para cambiar a súa situación. Aprendera a disimular as súas decepcións e a mostrar o seu mellor sorriso cada vez que se cruzaba con alguén. Ninguén se imaxinaba que puidese sentirse tan amargada. Cando chegaron Silvia e Carolina ao edificio, Paula viu nelas unha vía de escape e tentou por todos os medios ser a súa amiga, pero enseguida deuse conta de que elas non tiñan ese interese, eran correctas e agradables con Paula, pero non puxeron nunca interese por compartir nada máis. E entón empezaron a sucederse aquelas noites, nas que os suspiros dunha confundíanse cos xemidos amortecidos da outra provocando en Paula unha crecente incomodidade. Desde moi pequena, Paula recibira unha educación moi estrita e non entendía que dúas persoas do mesmo sexo puidesen manter unha relación de parella, resultáballe inaceptable e repulsivo, por iso deitábase cada noite cos tapóns nos oídos, para non escoitalas. Con todo, sempre se coidara moito de gardar as súas opinións, desde que nunha escola tivera problemas por falar do tema nunha das súas clases, optara por calar e descargar os seus pensamentos naqueles cadernos que utilizaba como diario. Eu lera moitas das súas anotacións e impresionoume a ira que plasmaba nas súas palabras, aquela muller escondía unha personalidade moi complicada, con todo non a vía asasinando á súa veciña cunha botella...

Pola tarde fixen un descanso para tomar un café coa miña muller e así poder ver un intre á miña filla. Notei como Valentina demandaba a miña atención máis do acostumado, a miña pequena botábame moito de menos, os casos como este esixíanme demasiado tempo, así que ultimamente apenas a vía e aínda que só tiña dous anos acusaba moito as miñas ausencias. Normalmente era eu quen lle daba o almorzo, quen a bañaba pola noite e lle daba cea para logo arroupala, pero estas últimas semanas chegaba a casa só para vela durmir. Enlazara outro caso con este e xa necesitaba recuperar un pouco a miña vida.

Mentres Valentina dormitaba recostada na súa silliña, comentei en voz baixa con Lucía os avances do caso.

- Sei que se me pasa algo.- Díxenlle refregándome as tempas con desesperación.- Creo que vin ou escoitei algo que podería ser clave para resolver este caso, pero por máis que me esforzo por lembralo non dou con iso...

- A ver, pensa. Levas apenas dous días coa investigación. Non é difícil volver sobre os teus pasos. Empecemos polo principio. Céntame todo o do primeiro día. Sempre me dis que ás veces a solución está nos pequenos detalles.

E empecei a repasar con ela as miñas impresións acerca da noite do crime.

Como xa sucedera máis veces, Lucía conseguiu que atopase o que buscaba, facendo memoria dese primeiro día acababa de lembrar un detalle, algo que quedara no meu subconsciente e que non relacionara até entón. Precisamente ese dato podía ser a pista que necesitaba.

- Creo que xa sei quen a puido matar...- Rumoreei, e dándolle un bico á miña muller e outro á miña filla marchei correndo cara ao coche para chegar canto antes a Comisaría.

Xa tiña á asasina. Só faltaba o móbil do asasinato. Necesitaba un motivo concluínte que incitase ao crime para poder presentarllo ao fiscal.

Levaba só cinco minutos na miña mesa lendo os informes cando me chamaron para dicirme que xa estaban listos os resultados das análises dos obxectos do bolso de Carolina. Baixei ao laboratorio coa esperanza de que eses resultados arrohasen máis luz sobre o caso, as conclusións do forense non anunciaran nada novo, a vítima morrera no acto, entre as sete e media e as oito da noite. Non houbera forcexeo pois a atacaran por detrás sen darlle tempo sequera a virarse, probablemente quen a atacou estivese oculto ou oculta detrás da porta e avanzou con sixilo cara a ela sen que se dese conta da súa presenza.

Lin os informes do laboratorio con gran expectación: o teléfono móbil de Carolina funcionaba a pesar da pantalla rota, pero a tarxeta, fora oportunamente inutilizada a base de golpes. Ademais, alguén borrara toda a información que estivera almacenada no aparello, á marxe da tarxeta. No lapis de memoria só había informes do Hospital. As únicas pegadas útiles das chaves, do pendrive, da barra de beizos e dos panos eran as da vítima. O bolígrafo pasara por moitas mans. Tamén o pastilleiro amarelo só tiña as pegadas de Carolina, contiña un par de aspirinas, un ibuprofeno e... Sorpresa!, alí estaba a resposta!. Acababa de atopar o posible móbil do asasinato.

De novo fun correndo cara ao coche. Esta vez dirixinme ao Hospital Provincial. Xa falara cos compañeiros de Carolina esa mañá sen ningún resultado, pero agora sabía o que tiña que preguntarlles.

En canto cheguei preguntei por Sonia, segundo me dixeran era a compañeira coa que Carolina tiña máis confianza. Aínda que non eran íntimas, si se levaban moi ben. Grazas a ela conseguín o número de teléfono que buscaba. Chamei cruzando os dedos para que me contestasen e tiven sorte. Quedei en media hora nunha cafetaría a un par de mazás de alí. A cita durou media hora.

Con todos os datos que tiña, por fin puiden pedir unha orde de detención. Unha hora despois, a asasina de Carolina estaba nos calabozos á espera do interrogatorio definitivo, aquel no que acabaría confesando.

Pasaran tres días desde a detención. Os meus superiores felicítáranme por resolver o caso nun tempo record. Dous días de investigacións bastaran para que saíse á luz o nome da muller que acabara coa vida de Carolina e que sería acusada de asasinato premeditado. Eu puiden retomar as miñas vacacións pois non tería que testificar até o xuízo que aínda tardaría en celebrarse. Así que, neses momentos, atopábame nunha marabillosa e tranquila praia do norte de Galicia gozando do sol coas dúas mulleres máis importantes da miña vida. Mentres Valentina chapoteaba nunha improvisada piscina feita nun buraco na area preto da beira, eu contáballe a Lucía os pormenores do desenlace da investigación.

- O día que tomamos café naquela terraza, cando me axudaches a pensar nos detalles da noite do asasinato, veume á memoria o que me roldaba na cabeza pero non daba lembrado, algo que me chamou a atención no seu momento pero que entón non fun capaz de conectar con ningunha evidencia. Cando quedei mirando a Silvia, chorosa, sentada na súa cama, xusto antes de que falase con ela por primeira vez, fixeime en que estaba descalza, algo que me pareceu normal nesas circunstancias, os tacóns dos zapatos que estaban ao seu lado eran moi altos, resultaba lóxico que os sacara. O caso é que non levaba medias e as plantas dos seus pés, estaban un pouco sucias mentres que o chan da habitación estaba moi limpo. Nese momento pensei que os sacara xusto despois de atopar o cadáver e os manchara ao camiñar dun lado a outro pola casa en espera da chegada da policía. A verdade é que non lle dei máis voltas. Con todo, esa noite, Paula díxome que cando ouviu os berros e subiu ao cuarto atopouse a Silvia inclinada sobre a vítima e neses momentos si levaba postos os tacóns, cando chegou a policía e un dos axentes acompañou a Silvia até o dormitorio e a axudou a sentar, foi cando os quitou. Se esa tarde dérase unha ducha e fora logo ao cine, onde manchou os pés de po?, sen dúbida sacou os tacóns para subir as escaleiras do edificio e non facer ruído, cousa moi estraña se non queres ocultar a túa presenza. Así pois, Silvia era a persoa que buscabamos. Con todo, faltaba o móbil do crime. Eu non dubidaba de que o que

sentía por Carolina era amor de verdade. Así pois, a opción máis probable era a dos celos. Cando lin o informe do laboratorio tiven a resposta. Precisamente deuma o contido do pastilleiro amarelo que atopamos entre as pertenzas do seu bolso, un par de aspirinas, un ibuprofeno e... catro pímulas anticonceptivas!. Para que quería Carolina esas pastillas se a súa única parella era Silvia?. Estaba claro que había algunha persoa máis na súa vida e esa persoa era un home. Como non poidemos recuperar os datos do seu teléfono móbil, fun ao hospital onde traballaba. Alí, a súa compañeira Sonia informoume de que facía pouco un home chamara a Silvia ao hospital para darlle un recado e esta púxose moi contenta. Sonia lembraba o día e a quenda no que se produciu a chamada, buscamos na memoria do teléfono de recepción e demos co seu número. Así foi como contactei con Álvaro, co que quedei na cafetería. Foi moi duro ter que anunciarlle que á muller á que quería fora asasinada. Cando ao fin puido falar, díxome que sabía o da súa relación con Silvia pero que precisamente Carolina acababa de romper con ela o día anterior, cansárase de ter que manter oculta a súa relación durante tantos anos e cando coñeceu a Álvaro namorouse del como unha vez namorara de Silvia, cun frechazo. Álvaro contoume que Carolina sorprendérase de que Silvia o tomase con tanta serenidade, que non lle montara unha escena cando lle dixo que quería deixarlle pois coñecera a outra persoa e que ía marchar do piso. Supoño que Silvia viuna tan decidida a romper que utilizou o odioso argumento de que «se non é para min, non é para ninguén».

Na súa confesión, Silvia díxonos que esa noite viu como Carmela tiraba a botella baleira de viño ao colector e que en canto viu que Carmela entraba no portal, recuperou a botella, lavouna e gardouna para utilizala como arma contra Carolina. Só tivo que esperar unas horas para actuar. Sabía que non podía demorarse moito máis pois Carolina ía deixar o piso moi pronto. Esa tarde, cando marchaba ao cine, cruzouse a Carolina e volveu sobre os seus pasos. Sabía que Carmela non estaba na portaría, así que se descalzou e subiu con sixilo as escaleiras para sorprender a Carolina, entrou en casa sen facer ruído, sacou a botella do seu agocho e golpeou con ela a Carolina. Cando lle preguntei se se arrepentía do que fixera tivo que pensalo. «Supoño que si», dixo sen convencemento.

- Amores que asasinan, pódense chamar amores?....- preguntou ao aire Lucía pensativa sentada na area mirando ao horizonte.

Sabes cando sentes que todo é perfecto?. Ese instante no que te decatás de que estás onde queres estar e con quen queres estar e de que non o cambiarías por ningún outro momento da túa vida?. Pois eu sentino así xusto entón, naquela praia coa miña muller e a miña filla sentín que era a muller máis feliz do universo. E o mellor de todo, é que xusto neses momentos, souben que Lucía sentía o mesmo ca min.

Mentres Valentina chapoteaba ditosa na auga, as súas dúas nais démonos a man e sen necesidade de dicir nada, dixémonolo todo.